



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2014/15	
Asignatura (*)	Avaliación e Intervención Psicopedagóxica		Código	652711604
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Primeiro-Segundo	Optativa	4
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicología Evolutiva e da Educación			
Coordinación	Baña Castro, Manuel	Correo electrónico	m.bcastro@udc.es	
Profesorado	Baña Castro, Manuel	Correo electrónico	m.bcastro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia xunto coa &quot;Psicología da aprendizaxe en contextos educativos&quot; configuran o Módulo de Formación Básica do Título: Procesos educativos, aprendizaxe e desenvolvemento da personalidade de 6 a 12 anos (Orden ECI/3857/2007, do 29 de decembro).</p> <p>O núcleo de competencias básicas trata do coñecemento do desenvolvemento da psicología evolutiva da nenez en concreto nos dominios cognitivo, social e afectivo-emocional.</p>			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación

Contidos

Temas	Subtemas
<p>MODULO 1. Desenvolvemento e aprendizaxe</p> <p>1. Relacións e implicacións educativas desde as diferentes teorías psicolóxicas e evolutivas</p> <p>2. Factores e explicacións actuais do desenvolvemento desde as recentes teorías evolutivas: Principais aportacións da psicología do desenvolvemento para a práctica educativa escolar</p>	<p>Psicología, desenvolvemento e educación. Teorías, relacións desenvolvemento e aprendizaxe mais destacables ao longo do coñecementos psicolóxico e implicacións para a educación. Desenvolvemento e aprendizaxe escolar.</p> <p>Teorías explicativas do desenvolvemento humano, carácter científico e aplicado do mesmo e factores implicados no desenvolvemento da persoa. Relacións entre Psicología do desenvolvemento e a aprendizaxe escolar. Implicacións para a práctica educativa escolar</p>
<p>MODULO 2. O desenvolvemento cognitivo desde os 6 aos 12 anos.</p> <p>3. O desenvolvemento intelectual ou cognitivo: A explicación evolutiva moderna, a explicacións dos estadios piageteanos e os períodos de crisis vygotkianos: o desenvolvemento do período operacional concreto</p>	<p>Teorías contemporáneas do desenvolvemento humano representativas para a educación escolar de hoxe en día. Os períodos de crisis evolutivas e a súa explicación. Os estadios piageteanos do desenvolvemento: o estadio operacional concreto: características, implicacións educativas e coñecementos relevantes para a educación</p>
<p>4. O desenvolvemento persoal e social dos 6 aos 12 meses: a vontade, a moralidade, o autoconceito e a identidade pesoal.</p>	<p>Autoconceito, autoestima, construción da personalidade e educación. O desenvolvemento do autoconceito, estadios e características. O desenvolvemento da identidade humana e a súa explicación. O desenvolvemento moral, a construción da conciencia moral e a vontade. Implicacións para a educación</p>



5. O carácter de modificabilidade do desenvolvemento humano, a plasticidade cerebral e a súa estimulación e cambio	Plasticidade cerebral, modificabilidade cognitiva e a importancia da estimulación para o desenvolvemento. Aportacións actuais das teorías cognitivas e do desenvolvemento para a práctica educativa. A importancia da guía e mediación. O carácter modificable da intelixencia humana. A inexistencia de teitos no desenvolvemento. Capacidades e discapacidades e o seu desenvolvemento. A atención para o desenvolvemento, a súa importancia e os apoios. Desenvolvemento neurotípico e atípico
MODULO 3: O social e o individual do desenvolvemento: variables persoais e interpersoais. 6. A construción de esquemas e estruturas de coñecemento	A importancia do factor social no desenvolvemento cultural. Os outros e a súa aportación ao desenvolvemento individual. A colectividade como factor do desenvolvemento. Os esquemas e estruturas de coñecemento: como se constrúen e se utilizan. A importancia da linguaxe no desenvolvemento cultural e social.
7. O desenvolvemento e a actividade humana: Acción, interacción e construción do coñecemento.	A actividades exploratoria para o desenvolvemento. O valor instrumental da actividade humana para a construción do coñecemento. Construción e activación de esquemas. Interacción social e procesos cognitivos. Os iguais e a internalización do coñecemento. Actividade autoestructurante e relacións interpersoais. Aprender, construír e compartir
8. Educar para desenvolver ou desenvolver para educar: as controversias das relacións actuais para o desenvolvemento humano.	As concepcións para o desenvolvemento e a educación. O conflito sociocognitivo, a zona de desenvolvemento próximo e o crecemento cognitivo e persoal. Desenvolvemento, cultura, educación e escolarización. Función e motivo, acción e actividade, necesidade e atención. Desenvolvemento natural, social e cognitivo.
9. Crear e desenvolver persoas: o carácter indisoluble do desenvolvemento humano e a construción de procesos psicolóxicos superiores. A igualdade e a diversidade no desenvolvemento	O valor social das persoas. Cambio e desenvolvemento. Contextos e situacións de capacidade e aprendizaxe. A vivencia coas dificultades e necesidades humanas. As experiencias de aprendizaxe na vida diaria. A importancia da coordinación de apoios e atención para o desenvolvemento. O cambio cognitivo como consecuencia da escolarización.
Prácticas	Versarán sobre os contidos teóricos e os problemas actuais en torno ao desenvolvemento e a educación, o crecemento e a súa estimulación, a formación das persoas e a construción do coñecemento así como a o mundo social que queremos e que buscamos coas persoas que formamos

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	2	8	10
Análise de fontes documentais	0	6	6
Proba obxectiva	2	30	32
Traballos tutelados	8	45	53
Aprendizaxe colaborativa	20	6	26
Seminario	14	0	14
Actividades iniciais	3	0	3
Atención personalizada	6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Proba de ensaio	Proba escrita onde realizares unha síntese individual dos coñecementos realizados ao longo do ciclo formativo. Sobre un suposto inicial tratarase de desenvolver un traballo creativo e cognitivo que implique relacionar todo o contido ao longo desta temporalización. Para elo contarase con tódolo material compilado ao longo deste tempo para consultar, relacionar, compilar...
Análise de fontes documentais	Metodoloxía na que terá que elaborar informes temáticos acerca de demandas concretas cos centros de interés na asignatura a partir da observación de alumnado de educación primaria. Todo isto farase indagando e buscando información así como realizando pequenas incursións na bibliografía e fontes documentais a través dun proceso de investigación en pequenos grupos de traballo.
Proba obxectiva	Proba escrita utilizada para a avaliación sumativa da aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos. Será realizada en función de preguntas tipo con dúas respostas posible: verdadeiro-falso. Será realizada ao remate do período formal computándose os error.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela do profesor en escenarios alleos ao da aula. Trátase de identificar, analizar e estudar as características evolutivas do alumnado de primaria a través da observación, de autoinformes e de estudos co obxecto a poder comprender como actúan, como pensan e como se desenvolven do xeito mais real posible.
Aprendizaxe colaborativa	Trátase de xerar actividades de interacción entre o alumnado que supoñan por en funcionamento tanto a capacidade de aprender socialmente como o de crear novos esquemas de coñecemento social na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas relativas a cada tema asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo
Seminario	A introdución dos temas, o plantexamento de propostas actuais e contemporáneas acerca do coñecemento deste intervalo de idade supón a finalidade de crear contextos de aprendizaxe e posibilitar construción de coñecementos en cada módulo de aprendizaxe así como na tarefa de inicializar o coñecemento de contidos e estimular a súa búsqueda e indagación así como a función dos mesmos para o futuro mestre/a
Actividades iniciais	Actividades que se levarán a cabo no inicio do proceso de ensino-aprendizaxe a fin de establecer as competencias, intereses e/ou motivacións iniciais que posúe o alumnado así como a explicación da finalidade que pretendemos coa asignatura e o seu lugar no proceso de ensinar e aprender. Así mesmo, pretendemos estimular o coñecemento e actividade co obxecto de que participen na búsqueda e construción de coñecemento novo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados Análise de fontes documentais	A atención personalizada realizarase tanto no escenario da aula como en titorías. Consistirá en guiar e tutelar o proceso da aprendizaxe dos grupos de traballo nas distintas actividades de tipo teórico e práctico e na elaboración dos informes pertinentes. Todo isto farase coa finalidade de facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente. Asimesmo, a laboura desta é centrar ao alumnos, satisfacer as súas demandas para o ensino e aprendizaxe así como plantexar dúbidas, satisfacer a curiosidade e experimentar a actividade de aprender e construír coñecemento

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	Traballo realizado en pequenos grupos que consiste na realización de actividades a facer maioritariamente na aula para cada un dos temas. Estas actividades colaborativas serán basicamente de orientación-execución ou demostración-práctica.	15
Traballos tutelados	Trátase de identificar, analizar e estudar algunhas das características psiconevolutivas dunha pequena mostra de alumnado de primaria e elaborar informes/artigos en base aos datos obtidos. Estes traballos faranse en grupos non superiores a catro persoas.	25
Proba obxectiva	Farase unha proba escrita para avaliar os coñecementos teóricos da materia, a través de preguntas de resposta breve e múltiple.	25
Análise de fontes documentais	Traballo en grupos para elaborar informes de casos psiconevolutivos, a partir da observación participativa ou da aplicación de probas a alumnado de 6-12 anos.	15



Proba de ensaio	Será unha proba escrita individual a desenvolver sobre un suposto teórico con todo o material que o alumno/a considere oportuno. Realizarase ao remate do ciclo formativo e versará sobre os coñecementos da asignatura	20
-----------------	---	----

Observacións avaliación

Opción A. ALUMNADO QUE ASISTE E PARTICIPA NA AULA (> 85%):

O sumatorio das cualificacións obtidas na aprendizaxe colaborativa (máx. 4) e na proba de ensaio (máx. 6) constitúe a cualificación dos coñecementos teóricos.

O sumatorio das cualificacións obtidas nos traballos tutelados e estudo de fontes (máx. 10) constitúe a cualificación dos coñecementos prácticos.

A cualificación final será a media entre a cualificación dos coñecementos teóricos e prácticos (esta media só se realizará cando en cada unha das partes se obteña un mínimo de 4).

Opción B. ALUMNADO QUE NON ASISTE NA AULA (< 85%)

A avaliación farase en función da media entre a cualificación obtida na proba obxectiva (máx. 8) e o sumatorio dos traballos tutelados e estudo de casos (máx. 10) (esta media só se realizará cando en cada unha das partes se obteña un mínimo de 4).

Opción C. ALUMNADO DE OUTRAS CONVOCATORIAS

A avaliación farase en función da media entre a cualificación obtida na proba obxectiva (máx. 10) e o sumatorio dos traballos tutelados e estudo de casos (máx. 10) (esta media só se realizará cando en cada unha das partes se obteña un mínimo de 4).

NOTAS.

1. No caso de terse aprobada só unha das partes (teoría ou práctica), esta manterase aprobada noutras convocatorias (máximo 4 cursos académicos).

2. A cualificación de NP darase a aquel alumnado que non participa de ningunha das metodoloxías de avaliación descritas

Fontes de información

Bibliografía básica - (). .

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías